



PREGUNTA ORAL SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA SENDA PEONIL ENTRE A ESTRADA C-543 E O LUGAR DE LARAÑIÑO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Na sesión plenaria do día 9 de novembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Partido Popular para a construción por parte da Xunta de Galicia dunha senda peonil para a mellora da seguridade viaria na estrada C-543 Santiago-Noia nos seus dous primeiros quilómetros, unha obra que debería ser complementada cun pequeno ramal duns 250 metros, partindo da propia A-543 ata enlazar co lugar de Larañiño, a través da rúa da Xunlla, que serve de acceso á Residencia de ASPAS "Juan Vidán Torres".

A Xunta de Galicia ten dado nos últimos meses pasos decisivos para avanzar na execución do proxecto da súa competencia: o 11 de febreiro de 2016 procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios e no DOG do 11 de abril de 2016 publicábase o inicio do proceso expropiatorio. Ademais, o pasado 29 de marzo, dábase a coñecer o anuncio de licitación das obras para a construción da referida senda na AC-543 entre Vidán e Laraño, dando cumprimento ao acordo plenario adoptado. Uns traballos que contan cun orzamento previsto próximo aos 600.000 euros e un prazo de execución de 6 meses.

Ante a dilixencia mostrada pola Administración autonómica, cabe supoñer que o Concello de Santiago tratará de acompañar a parte que lle corresponde no acordo plenario, impulsando a obra complementaria da súa competencia. Unha obra que supón unha clara mellora da seguridade viaria e como tal debería ser tramitada para evitar demoras, axilizar a súa execución e aproximar a posta en servizo en paralelo coa actuación que desenvolve a Xunta de Galicia.

Por este motivo, o Grupo Popular presenta a seguinte pregunta:

En que situación se atopa o procedemento de contratación das obras de seguridade viaria para unha senda peonil entre a estrada AC-543 e o lugar de Larañiño, a través da rúa da Xunlla, e que previsións manexa o Concello para a súa execución e posta en servizo?

Santiago de Compostela, a 12 de abril de 2016

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.